

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES PARGA PONDAL.CARBALLO

CURSO: 4º ESO

MATERIA: FILOSOFÍA

DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA

DATA: 06/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
-Coñecer e comprender a especificidade e a importancia do saber racional en xeral e do filosófico en particular	-Recoñece as preguntas e os problemas que veñen caracterizando a filosofía desde a súa orixe, comparando coa formulación doutros saberes, como o científico ou o teolóxico. - Explica a orixe do saber filosófico diferenciándoo dos saberes prerracionais, como o mito
Identificar as dimensións teórica e práctica da filosofía, os seus obxectivos, as características, as disciplinas.	Identifica, relaciona e distingue as vertentes práctica e teórica do labor filosófico, así como as disciplinas que conforman a filosofía
Contextualizar histórica e culturalmente as problemáticas analizadas e expresar por escrito as achegas máis importantes do pensamento filosófico desde a súa orixe.	Recoñece as principais problemáticas filosóficas características de cada etapa cultural europea. -Expresa por escrito as teses fundamentais dalgunhas das correntes filosóficas máis importantes do pensamento occidental.
Comprender e utilizar con precisión o vocabulario filosófico fundamental.	Comprende e usa con rigor conceptos filosóficos.
Le e analiza de xeito crítico fragmentos de textos breves e significativos sobre a orixe da explicación racional e acerca das funcións e as características do pensamento filosófico.	Analizar de maneira crítica fragmentos de textos sobre a orixe, a caracterización e a vixencia da filosofía, identificando as problemáticas e solucións expostas, distinguindo as teses principais e a orde de argumentación, relacionando os problemas formulados nos textos co estudado.
Comprender a pregunta "quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía, reflexionar e valorar a importancia de coñecerse a si mesmo/a, e expresalo por escrito.	Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos. Plasma o aprendido de xeito creativo en distintos soportes: mural, foto, curta...
Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela.	Define e caracteriza o que é a personalidade
Coñecer e explicar as teses fundamentais dalgunhas teorías	Coñece as teses fundamentais dalgunhas teorías

sobre a personalidade.	sobre a personalidade e argumenta sobre iso.
Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise.	Analiza que se entende por inconsciente
Coñecer de modo claro e ordenado as problemáticas implicadas no proceso do coñecemento humano, analizadas desde o campo filosófico.	Coñecer de modo claro e ordenado as problemáticas implicadas no proceso do coñecemento humano, analizadas desde o campo filosófico.
Recoñecer a dimensión social e cultural do ser humano, identificando e distinguindo os conceptos de cultura e de sociedade.	Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos compoñentes socioculturais que hai no ser humano
Coñecer as teorías sobre a orixe da sociedade e reflexionar de forma escrita sobre elas, argumentando as propias opinións ao respecto.	Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.
Reflexionar e indagar sobre o relativismo cultural e o etnocentrismo.	Coñece o relativismo cultural e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e achegando exemplos con feitos investigados e contrastados en internet.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Os procedementos de avaliación adecuanse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, dáselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Na actualidade, e por mor das circunstancias especiais, os instrumentos de avaliación que empregaremos de forma preferente son a valoración, seguimento e control das actividades propostas a través da aula virtual que consistirán en respostas a preguntas sobre textos ou documentos videográficos ; ou a realización dunha síntese dun texto proposto para a súa lectura, ou tamén actividades de investigación sobre un tema, ou reflexións sobre algún artigo de prensa.</p>
Cualificación final	<p>A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consígnase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, ata nun máximo dun 20% segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas , e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas e/ou entregadas</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Un exercicio escrito cos contidos traballados durante a 1ª e 2ª avaliación, que será cualificado ata un 10, sendo 5 aprobado</p>
Alumnado de materia pendente	<p>No presente curso 2019-2020 NON hai alumnado coa materia pendente</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Desenvolvemento de actividades de repaso, recuperación, reforzo das aprendizaxes e competencias adquiridas nos dous primeiros trimestres así como ampliación das aprendizaxes tomando como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que requiran unha mínima intervención docente para a súa adquisición.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>metodoloxía a desenvolver neste período será activa, innovadora, proporcionará ao alumnado o apoio e seguimento necesario para facilitar o asentamento da súa aprendizaxe, a recuperación e reforzo das competencias e a asimilación de novas facetas que requiran un mínimo de intervención directa e que fomenten a autonomía e progresión paulatina das aprendizaxes do discente. Así mesmo o nivel e coa finalidade de axudar ao alumnado organizarase a actividade de xeito gradual con unha continua progresión, autorregulando a súa aprendizaxe e mantendo un bo estado emocional.</p> <p>O alumnado sen conectividade será identificado (como xa se fixo a comezos deste período) e manterase con eles un seguimento continuo por outros medios, podendo trasladarlle medios materiais específicos (tablets ou ordenadores se fora posible). Así mesmo incidirase na xestión titorial con maior incidencia nestes casos, favorecendo calquera axuda que o alumnado poida reclamar.</p>
Materiais e recursos	<p>Documentos videográficos. Fotografías. Prensa. Internet -Selección de lecturas.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través da aula virtual do centro e cun contacto permanente co titor/a do grupo para un seguimento do traballo do alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.